



Tui (Pontevedra) · Mércores 22 Abril, 2026

Sesión formativa presencial (II de II) para empresas turísticas do territorio do Río Miño

MÓDULO II · TURISMO CULTURAL: APLICACIÓN E SOSTIBILIDADE

Formadora: Maite Vence · Directora de Observer



Escanea o código para acceder á lista de asistencia



Maite Vence

Directora de **ObserverScienceTourism.com**

Consultora, divulgadora y editora de guías de viaje con más de quince años de experiencia en turismo científico, sostenible e interpretación del patrimonio.

Fundadora y directora de **ObserverScienceTourism.com**, una certificación de calidad y **plataforma especializada en turismo científico**, dedicada a la creación de experiencias, contenidos y destinos que integran ciencia, cultura y territorio.

Consultora en **proyectos internacionales en Brasil, Cabo Verde, Italia, Argentina.**

Formación Académica

Licenciada en **Economía** por la **Universidad de Santiago de Compostela** y la **Università di Pisa**, cuenta con posgrados en **Comunicación Audiovisual** y **Economía de la Innovación por la Universidad de Santiago de Compostela**. Inició su etapa investigadora en el grupo ICEDE de la USC, centrándose en economía de la cultura y desarrollo territorial.



Gestión de Proyectos

Desde **FAZ Cultura e Desenvolvimento S.L.**, consultora que también dirijo, coordino proyectos para diversas administraciones públicas como la **Deputación da Coruña**, **Deputación de Lugo**, **Xunta de Galicia**, **Diputación de Zaragoza**, etc.




Turismo Sostenible y Divulgación

Dirección de proyectos vinculados al **turismo sostenible** y a la **divulgación científica y ambiental**, incluyendo el **Plan de Rutas Sostenibles en la Comarca del Eume**, programas de formación de **Guías-Intérpretes del Geoparque Cabo Ortegal**, y el proyecto **"A Mariña Lucense de Ornitología"**. También coordino un **programa de investigación escolar** sobre **cambio climático** en Institutos de secundaria.



Publicaciones y Medios

Publicación y coordinación de más de veinte **guías de naturaleza y divulgación científica**. Colaboración con medios de comunicación como **La Voz de Galicia**, **GCiencia**, **Quo** o **Diario de León**. Autora del libro juvenil **"Estrelas Galegas da Ciencia"** de **Hercules Ediciones**.



Innovación y Mentorship

Desarrollo de **planes estratégicos de turismo sostenible y vitivinícola**. Mentora en programas de innovación turística como **TurisLab Galicia** (Xunta de Galicia).

Índice

0

1
Introdución

Do concepto á práctica no territorio

0

2
Do recurso á experiencia

Fases do proceso turístico cultural

0

3
Territorios rurais

Vantaxes e oportunidades para o turismo cultural

0

4
Territorios fluviais

O río como eixe cultural e o seu potencial turístico

0

5
O Río Miño

Destino transfronterizo e patrimonio compartido



Introducción

Nesta segunda parte do módulo pasamos do concepto á práctica. Se na primeira presentación analizamos que é o turismo cultural e por que é importante para destinos coma o Río Miño, agora centrámonos en como aplicalo **realmente no territorio**.

Oportunidades

Que oportunidades teñen os territorios rurais para desenvolver turismo cultural

Territorios fluviais

Que características específicas teñen os territorios fluviais como o Río Miño

Sostibilidade

Como desenvolver turismo cultural sen xerar impactos negativos sobre o patrimonio ou a comunidade

Obxectivos desta sesión

1

Territorios rurais

Comprender por que os territorios rurais teñen condicións especialmente favorables para o desenvolvemento do turismo cultural.

2

Potencial fluvial

Analizar o potencial específico dos territorios fluviais, onde o río actúa como eixe cultural que conecta paisaxes, tradicións e historias.

3

Boas prácticas

Coñecer exemplos de boas prácticas na xestión do patrimonio cultural para identificar ideas aplicables no territorio.

4

Sostibilidade

Reflexionar sobre a xestión de impactos e a sostibilidade do turismo cultural para que o desenvolvemento non prexudique o patrimonio nin as comunidades.



Preguntas de Diagnóstico Inicial

Antes de comenzar, reflexionemos sobre a nosa experiencia e coñecemento do territorio.

Que pensades sobre o turismo cultural?

Actividades e experiencias

Cando pensades en turismo cultural, que tipo de actividades ou experiencias vos veñen primeiro á cabeza?

Patrimonio do Río Miño

Credes que o territorio do Río Miño ten suficiente patrimonio cultural para atraer visitantes interesados na cultura? Por que?

A vosa empresa

Algunha das vosas empresas ofrece actualmente experiencias relacionadas coa cultura local?

Que buscan os turistas?

Motivacións do visitante


Que credes que buscan realmente os turistas cando visitan territorios rurais coma o Río Miño?

Dificultades

Que dificultades atopades para transformar os recursos culturais do territorio en experiencias turísticas?

O único do Miño

Se un visitante vos preguntase que fai único o territorio do Río Miño dende o punto de vista cultural, que tres cousas destacariades?



Capítulo 01

Do Recurso Cultural á Experiencia Turística.

VISITA CONVENCIONAL

Recorrido y Degustación



**EL PRODUCTO ES EL MISMO.
LA EXPERIENCIA ES DIFERENTE.**

SALES CON UNA HISTORIA QUE CONTAR Y QUE CONVIERTE
CADA COPA FUTURA EN UNA EXPERIENCIA DIFERENTE.

EXPERIENCIA DE TURISMO CIENTÍFICO

En el Viñedo: Suelo,
Clima & Levaduras



OBSERVACIÓN DE AVES CONVENCIONAL

Identificación de Especies



**IDENTIFICAR UNA ESPECIE ES SÓLO EL COMIENZO.
ENTENDER SU ROL ES EL VERDADERO DESCUBRIMIENTO.**

COMPORTAMIENTOS, RUTAS MIGRATORIAS, RELACIONES ECOLÓGICAS. LO QUE DICE SU
PRESENCIA O AUSENCIA SOBRE EL ESTADO DEL TERRITORIO. MÁS INTERESANTE DE ESCUCHAR.

EXPERIENCIA DE TURISMO CIENTÍFICO

Comportamientos, Ecología
y Estado del Territorio



MIRADOR CONVENCIONAL

Solo Vistas



MIRADOR CON INTERPRETACIÓN GEOLÓGICA

Un Viaje en el Tiempo
(Millones de Años)



LA GEOLOGÍA CONVIERTE CUALQUIER PAISAJE EN UN ARCHIVO. UN MIRADOR CON INTERPRETACIÓN GEOLÓGICA OFRECE TIEMPO

CAPAS DE ROCA QUE SON PÁGINAS DE UNA HISTORIA DE MILLONES DE AÑOS, VALLES EXCAVADOS POR GLACIARES, COSTAS FORMADAS POR VOLCANES EXTINTOS. UNA HABILIDAD POTENTE DEL TURISMO CIENTÍFICO BIEN DISEÑADO.

LA OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA


UNA NOCHE DE ESTRELLAS CONVENCIONAL

Señala Constelaciones



UNA EXPERIENCIA DE TURISMO CIENTÍFICO

Escala del Tiempo y Preservación



EL CIELO ES EL MISMO. LA NARRATIVA HACE QUE EL RECURSO SEA IRREPETIBLE.

ESCALA DEL TIEMPO, VELOCIDAD DE LA LUZ, PRESERVACIÓN. UN RELATO QUE CONVIERTE EL CIELO RURAL EN UN TESORO.

O proceso completo para crear experiencias turísticas

Catro fases. Ningunha opcional. Todas en orde.

01

IDENTIFICAR

Que temos?

02

INTERPRETAR

Que significa?

03

TRANSFORMAR

Como se vive?

04

XESTIONAR

Como se sostén?

Para o Río Miño

Os recursos están. A lamprea, os viñedos, o contrabando, as aldeas ribeirás, os camiños históricos. O que falta en moitos casos é pasar polo proceso completo: inventariar con rigor, interpretar con criterio, transformar en produto reservable e xestionar con límites claros.

Ter patrimonio non é suficiente. Hai que percorrer un proceso.

01

IDENTIFICAR

O territorio ten que coñecerse a si mesmo antes de presentarse ao mundo.

Que significa identificar?

Facer un inventario real de todo o que forma parte da identidade cultural local. Non só os monumentos obvios: tamén a gastronomía, os oficios, as formas de vida, a paisaxe construída e as historias orais.

No Miño

- As técnicas de pesca da lamprea
- Os viñedos en terrazas e as bodegas familiares
- Os camiños históricos que bordean o río
- As historias do contrabando fronteirizo
- As aldeas ribeirás e a súa arquitectura de pedra

Sen inventario non hai experiencia coherente. Non podes vender o que non sabes que tes.

02

INTERPRETAR

A interpretación non inventa nada: selecciona, ordena e da significado.

Que significa interpretar?

Transformar un elemento patrimonial nunha historia comprensible e emocionalmente conectada co visitante. Responde a pregunta que o visitante nunca formula en voz alta:

Por que debería importarme isto?

No Miño

Unha ponte medieval → *historia dos que cruzaban de noite*

Unha técnica de pesca → *o vínculo da comunidade coa auga*

Unha bodega familiar → *tres xeracións e a relación co río*

Unha romaría → *a identidade colectiva que sobrevive o tempo*

Sen interpretación, o recurso cultural perde a maior parte do seu valor turístico.

03

TRANSFORMAR

O visitante non quere observar. Quere participar.

Que significa transformar?

Deseñar unha experiencia estruturada na que o visitante vive o patrimonio de forma activa. Toda experiencia ben deseñada ten tres momentos: un inicio que sitúa, un desenvolvemento que fai participar, e un peche que deixa algo.

No Miño: de observar a participar

Ver como se pesca a lamprea



Aprender a técnica co pescador

Visitar unha bodega



Participar na vendima co produtor

Escoitar a historia do contrabando



Percorrer a ruta nocturna polo río

Coñecer a gastronomía



Cociñar o prato con quen o fai de verdade

Moitos recursos do Miño existen, pero non están operativizados. Ninguén deu o paso de convertelos en produto reservable.

04

XESTIONAR

O turismo que non se xestiona ben destrúe o que ten que vender.

Que significa xestionar ben?

Garantir que o turismo contribúa á conservación do patrimonio en lugar de danalo. Tres principios que non son opcionais:

CONSERVACIÓN

Os ingresos turísticos deben financiar a preservación do patrimonio. Sen ese vínculo, o turismo consume o recurso sen contribuír a mantelo.

COMUNIDADE

Os beneficios económicos teñen que reverter no territorio. Provedores locais, guías locais, protagonistas locais. Non decorado: actores.

LÍMITES

Cada recurso ten unha capacidade de carga. Superala deteriora o patrimonio e destrúe a calidade da experiencia. Mellor anticipar que remediar.

Esta fase é a que máis se omite. E é a condición sen a cal todo o anterior ten data de caducidade.

01

IDENTIFICAR E INTERPRETAR

Capítulo 1 · 35-40 min
Fases 1 e 2 na práctica

10 min · Individual

20 min · Grupal

5 min · Peche

FASE INDIVIDUAL – cada un só

Escribe 5 recursos culturais do teu ámbito máis inmediato – non só os obvios

Para cada un, unha frase: por que debería importarlle isto a un visitante?

FASE GRUPAL – todos xuntos

Poñede en común todos os recursos

O grupo vota e escolle os 3 recursos máis potentes (mellor resposta ao: por que importa?)

Deses 3, a formadora escolle 2 que se converteran nas experiencias do día

Busca un recurso gastronómico/productivo e un histórico/narrativo – así os perfís quedan ben repartidos.

Capítulo 02

Turismo Cultural en Territorios Rurais



Capítulo 02

Turismo Cultural en Territorios Rurais

Por que os territorios rurais teñen condicións únicas para o turismo cultural? E cal é o modelo económico que lles convén?

01 Vantaxes específicas do rural

02 Cultura viva (recordatorio)

03 Modelo de valor vs. volume

← Do luns

O que xa sabemos sobre autenticidade e cultura viva

O luns establecemos que os territorios rurais teñen algo que os grandes destinos urbanos non poden ofrecer. Non fai falta repetilo en detalle – só telo presente como base.

AUTENTICIDADE

As tradicións e formas de vida do Miño existen con independencia do turismo. Iso é o que as fai auténticas.

CULTURA VIVA

A lamprea, os viñedos, as romarías, os oficios fluviaais. Non están nun museo: están na vida cotiá.

ESCALA HUMANA

Experiencias próximas, relacións directas entre visitantes e residentes. Imposible de replicar nun destino masivo.

Hoxe engadimos a capa que faltaba luns: por que isto ten sentido como modelo de negocio e que o fai diferente do turismo masivo.

Catro condicións que os grandes destinos non poden copiar

01

AUTENTICIDADE

*Cultura real, non
representación*

02

ESCALA HUMANA

*Relacións directas,
experiencias próximas*

03

DIVERSIDADE

*Patrimonio, gastronomía,
paisaxe, tradición*

04

SEN SATURACIÓN

*Tranquilidade como
vantaxe competitiva*

Estas vantaxes son exactamente o que o turismo urbano e masivo non pode ofrecer. E son o que busca o turista cultural.

03

DIVERSIDADE

O Miño concentra nun espazo reducido unha variedade que a moitos destinos lles gustaría ter.

Recursos no Río Miño

Paisaxe fluvial

Aldeas ribeirás, embarcacións tradicionais, técnicas de pesca que reflicten séculos de relación co río.

Gastronomía

A lamprea e os viños locais: identidade gastronómica única, fortemente vinculada ao territorio.

Historia transfronteriza

Dúas culturas, un río. O carácter fronteirizo xera un relato turístico que non existe en ningún outro lugar.

Patrimonio arquitectónico

Pontes medievais, muíños de auga, arquitectura de pedra adaptada ao medio fluvial.

04

SEN SATURACIÓN

O viaxeiro actual busca o que o Miño xa ten: espazo, tranquilidade e contacto auténtico.

Unha vantaxe competitiva real

Os territorios rurais teñen unha menor presión turística. Iso permite un turismo máis tranquilo e de maior calidade. Moitos viaxeiros actuais valoran especialmente isto e buscan destinos onde poidan descubrir a cultura local sen présas.

O viaxeiro de hoxe busca

- Tranquilidade e espazo para desfrutar sen aglomeracións
- Contacto auténtico coa cultura e as persoas do territorio
- Experiencias sen masificación nin itinerarios prefabricados
- Conexión real coa natureza e o medio fluvial

A tranquilidade non é unha carencia. É o produto.

Non é o mesmo atraer máis que atraer mellor

	TURISMO MASIVO	TURISMO CULTURAL RURAL
Volume de visitantes	Alto	Menor, máis selecto
Gasto por persoa	Baixo	O dobre de media
Infraestrutura necesaria	Grande e custosa	Lixeira, escalable
Risco de saturación	Moi alto	Controlable
Distribución de beneficios	Concentrada	Distribuída no territorio
Sostibilidade	Difícil a longo prazo	Viable se se xestiona ben

O modelo

MENOR VOLUME
MAIOR VALOR

Un argumento económico, non só ético.

Por que este modelo lle interesa ás empresas?

O turismo cultural rural busca turistas interesados en experiencias auténticas, dispostos a pagar máis por actividades de calidade. Este modelo xera ingresos económicos sen necesidade de grandes infraestruturas nin dunha presión turística excesiva.

40 %

do turismo mundial
ten motivación cultural

2x

máis gasto por persoa
que o turista
convencional

70 %

valora a autenticidade
como factor decisivo

Non fai falta encher o territorio. Fai falta atraer o turista que o merece e que paga por iso.

O que leva o Miño deste capítulo

Catro vantaxes reais. Un modelo económico diferente. Unha oportunidade sen explotar.

AUTENTICIDADE

As tradicións do Miño non están deseñadas para o turismo. Por iso son auténticas.

DIVERSIDADE

Lamprea, viños, contrabando, aldeas ribeirás. Recursos para perfís de visitante moi distintos.

SEN SATURACIÓN

A tranquilidade non é unha limitación do destino. É a súa proposta de valor diferencial.

MAIOR VALOR

Menos visitantes, maior gasto, beneficios distribuídos no territorio. O modelo que vos convén.

Para o Río Miño

O territorio xa ten as catro vantaxes. O que falta en moitos casos é recoñecelas, comunicalas e construír un modelo de negocio que as aproveite. Iso é o que estamos facendo hoxe.

02

PERFIL E ARGUMENTO DE VALOR

*Capítulo 2 · 30-35 min
A quen vai dirixida
e por que o Miño?*

5 min · Arranque

20 min · En equipo

10 min · Posta en común

ARRANQUE – dous equipos de 3, cada un traballa unha experiencia

TRABALLO EN EQUIPO – responde por escrito estas tres preguntas

01 A quen vai dirixida?

Descríbede o visitante concreto: de onde ven, que busca, que non encontraría nun destino masivo.

02 Por que o Miño e non outro destino?

O argumento de autenticidade e singularidade. Que ten esta experiencia que sexa irrepetible aquí?

03 Canto pagaría este visitante e por que?

O turista cultural gasta o dobre. Que xustifica ese prezo na vosa experiencia?

A pregunta do prezo activa moito debate. Se o grupo está vivo, déixaa correr – é un dos momentos máis útiles.

Capítulo 03

Potencial dos Territorios Fluviais

O rio non é só auga nin só natureza. É historia acumulada durante séculos.



Capítulo 03

Potencial dos Territorios Fluviais

O río non é só auga nin só natureza. É historia acumulada durante séculos.

O río como eixe cultural

Durante séculos os ríos foron moito máis ca recursos naturais. No Miño, cada beira garda capas de historia que o turista pode aprender a ler.

Socalco de cultivo

A fertilidade das ribeiras transformada por xeracións de agricultores en paisaxe cultural.

Muíños de auga

Infraestruturas históricas que aproveitaban a enerxía do río. O primeiro motor industrial das aldeas.

Pontes históricas

Puntos de cruce con séculos de historia. Escenario de comercio, conflito e convivencia transfronteriza.

Camiños tradicionais

Rutas históricas que seguían o río e que hoxe poden converterse en itinerarios culturais.

A combinación natureza + cultura é unha vantaxe que os destinos urbanos non poden copiar

Cultura da auga no Miño

Pesca ancestral

Técnicas fluviais transmitidas durante xeracións con alto valor etnográfico.

Gastronomía fluvial

A lamprea como símbolo cultural. Identidade gastronómica única e irrepetible.

Celebracións da auga

Festividades e ritos vinculados ao río que forman parte da identidade colectiva.

Experiencias posibles no Miño

Rutas históricas interpretativas polo río

Paseos en embarcacións tradicionais con relato

Degustacións gastronómicas fluviais (lamprea, viños)

Actividades educativas sobre o ecosistema fluvial

Rutas do contrabando fronteirizo á noitiña

O Miño non compite coa costa nin coa cidade. Ofrece algo diferente: natureza con historia. Iso non se replica.

03

O RÍO E OS RECURSOS

Cap 3 + Cap 4 · 45-50 min
Construímos o relato
e os momentos clave

30 min · En equipo

15 min · Presentación

TRABALLO EN EQUIPO – mesmos equipos, mesmas experiencias – responde estas 5 preguntas

01 Cal é a historia que contades?

Unha ou dúas frases dende o punto de vista do visitante. Non 'visita a unha bodega', senón a historia de por que esa bodega existe aquí.

04 Que recurso do Miño é o protagonista?

Lamprea, viños, contrabando, patrimonio material. Cal ancora a experiencia e por que é irrepetible aquí?

02 Como aparece o río?

Como escenario, historia, ingrediente ou ruta. O Miño ten que estar presente dalgunha forma.

05 Quen do territorio participa?

Un produtor, pescador, persoa maior, artesán. Poñerlle nome ao perfil concreto.

03 Que momento fai participar activamente o visitante?

Non observar: facer. Que fai o visitante coas súas mans, co seu corpo ou coa súa voz?

Pregunta de moderación se o debate se estanca: isto podería pasar noutro río ou só pode pasar aquí?



Capítulo 04

O Río Miño: Destino Transfronterizo

O Río Miño non separa dous países. Úneos.

↪ *Do luns: identidade cultural do Miño*

O luns establecemos que o Miño é un territorio transfronterizo cunha identidade cultural moi forte. Hoxe engadimos o argumento clave: esa dualidade non é unha complicación administrativa. É o relato turístico.

GALICIA

Viños Rías Baixas · Pesca da lamprea · Arquitectura románica
· Lingua galega · Romarías populares

PORTUGAL (NORTE)

Vinhos Verdes · Gastronomía atlántica e fluvial · Patrimonio
de Valença e Monção · Lingua portuguesa · Tradicións
festivas

RECURSOS DEL MIÑO

Non son só produtos nin historias. Son experiencias construíbles.

Tres recursos únicos e irrepetibles

A lamprea

Símbolo cultural, non só gastronómico

Técnicas de pesca transmitidas dende fai séculos. Unha experiencia arredor da lamprea combina pesca, historia e cociña fluvial nunha soa visita.

Os viños do Miño

Territorio, historia e familia nunha copa

Viñedos en terrazas, bodegas familiares, relato cultural profundo. O viño aquí non é só produto: é a historia de tres xeracións e a relación co río.

As historias de contrabando

O patrimonio máis inesperado do Miño

Contrabandistas que cruzaban o río de noite, relacións humanas a ambos lados da fronteira. Un relato histórico fascinante que conecta emocionalmente con calquera visitante.

PATRIMONIO MATERIAL

O que se pode ver, tocar e percorrer.

O punto de partida para calquera experiencia cultural é o recurso tanxible. O Miño ten unha densidade patrimonial extraordinaria no transcurso de todo o seu percorrido.

***Todo está aquí.
Falta interpretalo
e operativizalo.***

O patrimonio material do Río Miño

Arquitectura defensiva

Fortalezas, torres medievais e murallas que controlaban o paso fronteirizo entre Galicia e Portugal.

Patrimonio relixioso

Igrexas románicas, capelas, cruceiros e mosteiros que marcan ambas as beiras do río.

Pontes históricas


Puntos de cruce con séculos de historia: comercio, conflito e convivencia entre dúas culturas.

Xacementos arqueolóxicos

Castros, petróglifos e restos de ocupación humana que demostran a antigüidade do poboamento fluvial.

Aldeas ribeirás e arquitectura tradicional

Conxuntos de arquitectura de pedra adaptada ao medio fluvial, con hórreos, eiras e embarcacións tradicionais.



Capítulo 05

Sostibilidadade do Turismo Cultural

O turismo que non se xestiona bien destrúe o que ten que vender.

← Xa o vimos na Fase 4 do Capítulo 1 – hoxe desenvolvémolo

Os 3 riscos

Patrimonio

O exceso de visitantes deteriora monumentos, paisaxes e elementos patrimoniais fráxiles.

Comunidade

O turismo mal xestionado xera tensións sociais, encarece a vida local e destrúe a identidade.

Medio ambiente

O aumento de visitantes xera residuos, contaminación e presión sobre o ecosistema fluvial.

Os 3 principios

Conservación

Os ingresos turísticos deben financiar a preservación do patrimonio, non consumilo.

Comunidade

Os beneficios reverten no territorio. Provedores, guías e protagonistas locais.

Límites

Cada recurso ten unha capacidade de carga. Mellor anticipar que remediar.

05

CAPACIDADE
DE CARGA

O número máximo de visitantes que un recurso pode recibir sen sufrir danos.

Como xestionala no Miño

- Establecer límites de aforo en espazos sensibles
- Distribuír visitantes no tempo e o espazo
- Crear rutas alternativas para desconxestionar puntos críticos
- Monitorizar o impacto de forma continua

Exemplos internacionais

Bután

Limita o número de visitantes e cobra unha tarifa diaria elevada. Menos visitantes, máis ingresos, sen masificación. O principio: ás veces menos é máis.

Ámsterdam

Tardou décadas en decatarse do dano do turismo masivo no seu centro histórico. A aprendizaxe para o Miño: é mellor anticipar que remediar.

É quen diseña as experiencias, selecciona os recursos e establece a relación entre visitantes e comunidade.

O seu compromiso coa sostibilidade é determinante para o futuro do destino.

4 responsabilidades concretas

01 Coñecer o patrimonio

Formarse sobre a historia, as tradicións e os valores culturais do territorio para poder transmitirlos con rigor. Non se pode interpretar o que non se coñece.

02 Respetar os límites

Non levar máis visitantes dos que o recurso pode soportar, aínda que iso supoña renunciar a ingresos a curto prazo. A reputación constrúese a longo prazo.

03 Colaborar coa comunidade

Integrar os residentes como protagonistas e beneficiarios directos. Non como decorado. Unha bodega, un pescador, unha cociñeira local: son o corazón da experiencia.

04 Comunicar o valor

Explicarlle aos visitantes por que o patrimonio é valioso e como poden contribuír á súa conservación. Un visitante que entende o territorio volve e recoméndao.

Aplicación no Río Miño

Como poden aplicarse estes principios no territorio do Río Miño?



A sostibilidade non é un obxectivo final, senón un proceso continuo de avaliación e axuste que require a implicación de todos os actores do territorio.

Como atraelo?

O turista cultural non chega só. Hai que deseñar a proposta, comunicala ben e sostela con calidade.

2x

máis gasto que o turista medio

70 %

valora a autenticidade

Catro claves para atraer o turista cultural

01 Diseñar experiencias con narrativa

Non busca só ver cousas: busca entender historias. Cada experiencia necesita un relato claro, con inicio, desenvolvemento e peche emocional. Cal é a historia que queredes contar sobre o Miño?

02 Comunicar o valor cultural

Non 'vide ver o río'. Senón 'vide a entender por que este río deu forma a dúas culturas durante séculos'. A comunicación debe destacar autenticidade, profundidade e singularidade.

03 Garantir a calidade

Esixe calidade na interpretación, na atención e nos produtos. Non é o turista máis fácil, pero é o máis fiel e o que máis recomenda.

04 Crear redes de colaboración

A oferta máis atractiva xorde da colaboración entre operadores, produtores locais, guías e institucións. Ninguén pode ofrecer só o que o turista cultural busca.

04

TEST DE SOSTIBILIDADE

Capítulo 5 · 35-40 min
*É sostible
o que deseñamos?*

20 min · En equipo

15 min · Presentación final

TEST DE SOSTIBILIDADE – sometede a vosa experiencia a estas 4 preguntas

01 Cantos visitantes pode soportar sen degradarse?

Non o máximo que queredes ter – o máximo que o recurso aguanta. Poñede un número e xustificádeo.

02 Quen da comunidade se beneficia economicamente?

Listádeos. Se a lista está baleira ou ten só un nome, a experiencia non é sostible.

03 Que pasa se vén o dobre do límite fixado?

Que se deteriora? Quen se queixa? Que se perde? Pensade no risco concreto.

04 Que fariades vós como operadores para evitalo?

Coñecer, respectar límites, colaborar, comunicar. Cal é o máis difícil na vosa empresa?

PECHE DE SESIÓN

Cada persoa di unha cousa concreta que vai facer mañá na súa empresa. Non fai falta que sexa grande.



Grazas

Turismo Cultural: Aplicación e Sostibilidade · Módulo de formación · Río Miño

- ☐ **Próximos pasos:** Reflexionade sobre que recursos culturais da vosa zona podedes transformar en experiencias turísticas auténticas e sostibles. O territorio do Río Miño ten todo o necesario para converterse nun referente do turismo cultural transfronterizo.



Creación Experiencias



www.riominho.creacionexperiencias.com



gestionproyectos@riominho.creacionexperiencias.com



Tel: +34 692 43 95 19



España - Portugal

VISIT_RIO_MINHO_PLUS

Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia



UniversidadeVigo

